

# Tróita

Nº 8

Boletín Informativo do Concello de Oroso

Novembro 2013



*O Concello investiu máis de 40.000 euros na rehabilitación do parque infantil de Sigüeiro*



*Oroso inviste 40.000 euros nunha mellora do parque da Alameda de Góis (Sigüeiro)*



*O Concello está a investir máis de 38.000 euros nas obras do Cruceiro (en Oroso)*



*A Policía Local estreou sede no lateral do Centro Cívico de Sigüeiro*

## Oroso, porque obras son amores...

Máquinas e traballadores están a pleno rendemento nestes días en Oroso, onde son moitas as obras de mellora para os veciños que se veñen de poñer en marcha, que van comezar en breve ou que veñen de culminarse. Entre estas últimas destacamos a reforma do interior da antiga escola unitaria de Oroso, que a asociación de veciños desta parroquia usa como local social; e o remate das obras do **parque infantil do Río Carboeiro**, que abre as súas portas coincidindo coa chegada do mes de novembro. Ademais, a Policía Local estrea novos locais, situados nun lateral do Centro Cívico de Sigüeiro.

En marcha tamén están as obras de saneamento e mellora no Cruceiro e na Penela (Oroso); e a mellora do **parque da alameda de Góis** (Sigüeiro). E o Concello de Oroso iniciará en breve o abastecemento a Cas, o asfaltado de dúas pistas en Pasarelos e en Oroso (paralela á N-550), así como coa segunda fase da iluminación pública entre Vilalbarro e O Cruceiro (Oroso).



*A reforma do interior do local social de Oroso supuxo un investimento de 20.000 euros*



## O aeróbic-zumba arrasa nas actividades de adultos

Máis de 250 veciños e veciñas de Oroso participan nas distintas actividades culturais e deportivas organizadas polo Concello de Oroso para o curso 2013-2014. A novidade deste ano é tamén a que máis adeptos suma: o aeróbic-zumba, unha modalidade que o Concello decidiu ofertar como novidade este ano logo do éxito da actividade na piscina e que hoxe en día conta cun total de 88 participantes no polideportivo de Sigüeiro. Tamén contan con gran aceptación as modalidades de pilates (32 inscritos), ximnasia de mantemento (20) e ioga (8). No que atinxe ás actividades culturais que teñen lugar no centro cultural Fernando Casas e Novoa, a de baile é a máis concorrida, máis de sesenta participantes nas súas distintas modalidades: iniciación, perfeccionamento, hip-hop, baile en liña, deportivo... A isto hai que engadir actividades tradicionais como o patchwork, debuxo e pintura, manualidades ou unha das novidades deste curso: Teatro, da que vos falaremos polo miúdo de cara ao vindeiro mes de xaneiro. Máis información sobre estas e outras actividades no centro cultural ou na web: [www.concellooroso.com](http://www.concellooroso.com).



Noraboa a Javier Garea e a Pablo Castiñeira, que lograron os seus cintos negros tras superar un duro exame

## Oroso acollerá o III Encontro da Liga FITE Galicia 2013



O pabillón polideportivo Juanito Amigo de Sigüeiro acollerá o sábado 9 de novembro o **II Encontro da Liga FITE Galicia 2013**, organizado polo **Club Taekwon-Do ITF Oroso** e a **Delegación Galega da FITE**. Participarán cinco clubs, entre eles os locais do ITF Oroso, en xornada de mañá e de tarde, a partir das 10:00 horas. A entrada é libre e de balde.



## Saídas ao monte e degustacións nas II Xornadas Micolóxicas

Din que todo cogomelo se pode comer... cando menos unha vez. E para saber cales se poden e cales non se poden degustar, e logo do éxito de participación acadado na primeira edición, o Concello de Oroso organiza as **II Xornadas Micolóxicas**, que terán lugar no centro cultural de Sigüeiro o sábado 9 de novembro. A iniciativa está dirixida a todos os públicos e combinará a teoría cunha saída ao monte a recoller e identificar cogomelos, así como un xantar-degustación no restaurante Mariñaos. O prezo de inscrición é de 15 € para empadroados, que quedan en 7 € no caso de menores de 12 anos. Os non empadroados deberán pagar 22 €, independentemente da idade. O prazo de inscrición remata o 5 de novembro no centro cultural de Sigüeiro.



## "Martes saudables" para a terceira idade

O local da Asociación da Terceira Idade (rúa do Campo 9) acollerá todos os martes de novembro, de 5 a 7 da tarde, unha serie de charlas e obradoiros gratuitos sobre temas interesantes para os nosos maiores: hábitos saudables, nutrición, primeiros auxilios... Entrada libre

## Mostra fotográfica de Patricia Santos e María Marcos

As fotógrafas Patricia Santos e María Marcos serán as protagonistas dunha nova edición do Outono Fotográfico en Oroso. Os seus traballos, titulados "De gran a fariña" e "Paisaxes no recordo", poderán visitarse no centro cultural do 8 de novembro ao 8 de decembro.





## Oroso sigue abrindo os ollos contra a violencia de xénero

O Concello de Oroso continúa un ano máis co seu programa de prevención contra a violencia de xénero **"Abre os ollos"**, que este ano serve de modelo ao outros municipios da comarca. Así, baixo a denominación de "Programa Igualar" e impulsado polo **Centro de Información á Muller** da Mancomunidade de Ordes, os alumnos e alumnas da ESO do IES Sigüeiro recibirán dúas clases sobre temas relacionados coa igualdade: habilidades sociais (1º), igualdade de xénero (2º), violencia de xénero (3º) e bo trato e relacións igualitarias (4º ESO). Co traballo que saia destas sesións crearase unha exposición itinerante que visitará os sete concellos da comarca ordense.

Así mesmo, terá lugar un acto conmemorativo no IES Sigüeiro durante a mañá do 25 de novembro, Día Internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres, no que se dará lectura a un manifesto. Un acto ao que se sumará tamén o Concello de Oroso, que está a ultimar unha iniciativa contra a violencia de xénero da que vos informaremos nos próximos días a través de [www.concelloorosoo.com](http://www.concelloorosoo.com). Ademais, o Programa Igualar contará cun blogue para dar a coñecer as súas actividades, do que vos informaremos en canto se poña en marcha.

A concelleira da Muller, Mari Carmen Liste, explica que "o obxectivo deste programa é sensibilizar aos nosos mozos sobre a violencia de xénero e as súas causas, promover unhas relacións igualitarias entre eles e tratar de modificar prexuízos baseados nas diferenzas de xénero agora que aínda están nunha fase de aprendizaxe".



Exitosa actuación especial de "Ni Fu ni Fa Animacións" co gallo da celebración do **Día Internacional da Biblioteca**

## As larpeiradas protagonizarán os contacontos e obradoiros



"Somos larpeiros". Non é unha afirmación, que podería selo, senón do título dos contacontos e obradoiros programados polo Concello de Oroso para este mes de novembro dentro do seu Plan de Animación á Lectura. As lambonadas centrarán a temática dos contacontos dos sábados 9, 16, 23 e 30 de novembro, ás 11:00 horas, na biblioteca municipal de Sigüeiro e dirixidos a nenos e nenas de entre 3 e 9 anos. E non esquezas que o venres 22 temos unha nova reunión do clube de lectura e o venres 29 o obradoiro "A rebotica dos contos", ambas ás 18:00 horas. En todos os casos, a entrada é de balde, se ben é preciso anotarse antes na propia biblioteca ou chamando ao 981 690 903.

**outono fotográfico OF**

DE GRAN A FARINA

PATRICIA SANTOS

PAISAXES NO RECORDO

MARIA MARCOS

ORGANIZADO POR **OROSO** coa colaboración de **COLABORA**

CENTRO CULTURAL FERNANDO DE CASAS E NOVA  
DO 8 DE NOVEMBRO AO 8 DE DECEMBRO

**Martes saudables cos maiores**

Martes 5 de novembro  
Obradoiro de estimulación cognitiva.

Martes 12 de novembro  
Obradoiro de primeiros auxilios.

Martes 19 de novembro  
A nutrición e o exercicio cos maiores

Martes 26 de novembro  
Obradoiro de hábitos saudables.

Horario: de 17:00- 19:00  
Lugar: Local de Terceira Idade, Rúa do Campo, 9 baixo

MAIS INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓNS: SERVIZOS SOCIAIS RÚA DO DEPORTE 9 BAIXO OU NO TELÉFONO 981688950

**OROSO**

**II XORNADAS MICOLOXICAS**  
SÁBADO 9 DE NOVEMBRO

ORGANIZADO POR **OROSO** coa colaboración de **COLABORA**

PRAZO DE INSCRIPCIÓN ATÁ O 5 NOVEMBRO. DIRIXIDO A TÓDOLOS PÚBLICOS

MÁIS INFORMACIÓN E INSCRIPCIÓNS NO CENTRO CULTURAL NO TELÉFONO 981 690 903 OU NA PÁXINA WEB: [WWW.CONCELLOOROSO.COM](http://WWW.CONCELLOOROSO.COM)

## Foi noticia...

### Nace en Oroso a Plataforma de Afectados polas pensións

A unión fai a forza. Baixo esta premisa o centro cultural de Sigüeiro acolleu a constitución formal da Plataforma de Afectados polas Sancións ás Pensións do Estranxeiro da comarca de Ordes, que nace con preto de 300 veciños e veciñas asociados de Oroso, Ordes e Trazo. Unha plataforma encabezada por 8 veciños e veciñas da comarca e que conta co asesoramento legal da avogada Vanesa Pedrouzo.

A Plataforma nace co obxectivo de lograr a anulación das multas e dos intereses de demora que o **Ministerio de Facenda lles impuxo aos emigrantes** retornados. Unha situación

inxusta pois ninguén, nin sequera a propia Facenda, os informou correctamente en ningún momento. Isto supón que veciños con 427 € de pensión vense obrigados a pagar multas de case 3.000 €, aos que hai que sumar os tributos dos exercicios entre 2008 e 2012. O pleno municipal de Oroso aprobou unha moción do Grupo de Goberno para esixirle a Facenda que non se sancione aos pensionistas e deixe de tratalos como defraudadores fiscais.



*Para contactar coa Plataforma podes dirixirte á avogada Vanesa Pedrouzo (981 68 21 35) ou aos representantes de Oroso: Mercedes Gómez Viqueira, Xosé Rodríguez Rodríguez e Marcos Martínez Varela*



A agrupación folclórica **Buxos Verdes**, composta por veciños e veciñas de Senra e Cardama, celebrou o seu 25 aniversario cunha interesante **exposición** de traxes tradicionais no centro cultural de Sigüeiro.



O veciño **Constantino Cuesta** escolleu Oroso para presentar en sociedade a súa segunda novela: **"Soñadores sin porvenir"** (Finisterre Edicións). Cuesta **estivo acompañado** por máis dun cento de seguidores.



Un concerto dos rapaces da Aula de Música e do rapeiro **Leõ KCH** serviu para inaugurar a Aula da Xuventude, no Centro Cívico de Sigüeiro. Aberta a toda a mocidade do municipio, o seu horario será de luns a venres, de 17:00 a 20:00 h.

## Axenda: Novembro

- 5** Taller de estimulación cognitiva (17 h.)  
Fin da inscrición nas II Xornadas Micolóxicas
- 9** Contacontos (11:00 h)  
II Xornadas Micolóxicas (9:00 h)  
III Encontro da Liga FITE Galicia 2013

- 12** Obradoiro de primeiros auxilios (17 h.)
- 16** Contacontos (11:00 h)
- 19** A nutrición e o exercicio nos maiores (17 h.)
- 22** Club de lectura: "En busca do libro perdido" (18 h.)
- 23** Contacontos (11:00 h)

- 25** Día contra a violencia de xénero
- 26** Obradoiro de hábitos saudables (17 h.)
- 29** A Rebotica dos Contos (18 h.)
- 30** Contacontos (11:00 h)  
Baile para maiores.  
Grupo D´Cine (19:30 h)